

CATÁLOGO DE CANTAR DE CEGO GALEGO. VOLUME 1: VOANDEIRAS.


BALDOMERO IGLESIAS

SINOPSE

O cego errante percorreu camiños, feiras e romaxes levando un canto itinerante que facía vibrar auditorios improvisados. O eco do seu paso quedaba gravado en queixumes de violín, laios de zanfona e suspiros de acordeón. Figura arquetípica, evocada polo tempo cunha visión amábel e poética, representaba un modelo humano moi propio, convertido en referente estético e simbólico. Eran, en esencia, xograres modernos: persoas que vivían da música, malia estar sometidas a unha vida dura. Lograban converterse no centro expectante das feiras, declamando con voz quebrada relatos tráxicos e, logo, ofrecendo os papeis impresos que prolongaban esas historias arredor da lareira. O humor, a ironía e as picardías acompañaban romances, cantigas e relatos de crimes, nun oficio condicionado pola falta de vista pero asumido con orgullo, nunca como mendicidade, senón como traballo digno.

A súa presenza contribuíu a manter viva a tradición oral, ese fío que nos conecta cos devanceiros e que atravesa xeracións como unha herdanza común. Hoxe esa transmisión vese ameazada pola irrupción de novos hábitos que alteran a convivencia. Por iso cómpre recoller, catalogar e difundir o patrimonio inmaterial que nos identifica. A voz que lembra os cegos cantores preséntase como custodia da memoria, erguida para preservar a identidade e construír anacos de eternidade.

Este primeiro volume do catálogo recolle ensaios e descrición sobre a figura das cegas e cegos cantores e unha proposta de catalogación dos xéneros rexistrados....



Editora	COMPANHIA EDITORA
Materia	ENSAIO E INVESTIGACIÓN
Colección	Em Selecta
EAN	9791399052862
Estado	Disponible
Encadernación	Tapa blanda
Páxinas	290
Tamaño	230x150x17 mm.
Peso	540
Prezo (Imp.inc.)	20,00€
Idioma	Galego
Data de lanzamento	16/10/2025

Títulos relacionados



UNHA HISTORIA MÍNIMA DO
PARTIDO SOCIALISTA GALEGO
MILLÁN FERNÁNDEZ LÓPEZ



UN SOCIALISMO PROPIO: O
COOPERATIVISMO NO BEIRAS
MOZO
XOSÉ MANUEL BEIRAS; CARLOS
CALVO VARELA



CRÓNICA DA GALIZA
JEAN FROISSART